

BASES CONCURSO DE DISFRACES. VOLTA A INFANCIA

1. DATA.

A data do concurso de disfraces, orientado a segunda e terceira idade Rianxeira será o sábado 6 de Febreiro de 2016.

2. INSCRIPCIÓN DE PARTICIPANTES.

Dende as 17.00h ata as 20.00h do sábado 6 de febreiro. O lugar para inscribirse no Concurso de Disfraces será, na Praza Castelao, na barra instalada na carpa onde se realizarán as actividades de Entroido.

3. PARTICIPANTES:

Persoas de 40 ata os 100 anos, e terán que acreditarlo co correspondente DNI.

4. REQUISITOS:

- Será un concurso temático polo que as persoas interesadas en participar deberán ir disfrazadas seguindo o tema “Volta a infancia”. Serán aqueles disfraces que poidan representar a infancia e a mocidade dos nosos maiores.
- Poderase participar nunha única modalidade: individual masculina ou feminina, non se permite inscrición en ambas modalidades.
- As persoas participantes non poderán ser membros da Comisión das Juadalupeñas.

5. DESFILE DOS PARTICIPANTES.

O tempo na pasarela será limitado, non podendo exceder de 2 minutos por participante .

No caso de precisar algún acompañamento musical deberán facelo saber no momento da inscrición, para poderlle facilitar a labor o d.j .

6. CATEGORÍAS.

As categorías do concurso son as seguintes:

- Masculino- individual
- Feminino - individual

7. PREMIOS.

Os premios constarán de unha cesta de produtos típicos do Entroido para cada unha das categorías.

O premio será entregado unha vez que o xurado elixa ós disfraces gañadores en cada categoría.

Publicaranse na redes social Facebook das Juadalupeñas coa foto adxunta.

8. VALORACIÓN DO XURADO.

Valorarase de 0 a 5 puntos polo xurado, os seguintes aspectos:

- Orixinalidade e traballo: terase en conta a elaboración do disfraz, total ou parcial, por parte das persoas participantes. Penalizaranse aqueles que sexan, na súa totalidade, elaborados con recursos comerciais.
- Posta en escena e animación.

9. XURADO.

Estarán compostos por 3 representantes da Comisión das Juadalupeñas, tendo un único voto cada un.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES.

A inscrición no concurso implica a aceptación e cumprimento das bases.

A organización terá a competencia para poder resolver calquera dúbida xurdida nas presentes bases.